

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**9480** *Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013.*

O artigo 16.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos cuadrienais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, excepto os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade.

A este respecto, aínda que a disposición transitoria primeira da citada lei establece que os efectivos máximos previstos no seu artigo 16.2, de oficiais xenerais e coroneis, se deberá alcanzar antes do 30 de xuño de 2013, a disposición adicional décimo quinta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, autorizou o Goberno para estender ata o seguinte período cuadrienal de cadros de persoal regulamentarios o proceso de axuste establecido na dita disposición transitoria.

Igualmente, as disposicións transitorias cuarta.16 e quinta.8 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, habilitan o ministro de Defensa para determinar os cadros de persoal das escalas a extinguir de oficiais e os cadros de persoal dos militares de complemento, diferenciando os de militares de carreira; e a disposición derogatoria única.2 da citada lei, mantén en vigor a disposición transitoria terceira da Lei 17/1999, do 18 de maio, no que se refire ao réxime do persoal de escalas a extinguir.

Finalmente, coincidindo coa tramitación deste real decreto, viuse a necesidade de modificar a estrutura orgánica básica da Armada, como consecuencia da nova estrutura orgánica e despregamento da súa Forza, establecidas na Orde DEF/3771/2008, do 10 de decembro, pola que se modifica a estrutura orgánica e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, que figura no Real decreto 416/2006, do 11 de abril. Esta nova reorganización que, entre outros aspectos, dispón a integración de toda a Forza da Armada nunha única estrutura denominada Frota, afecta a dependencia orgánica do comandante xeneral da Infantaría de Mariña e a localización do seu órgano de mando, a Comandancia Xeneral, recollidos no Real decreto 912/2002, do 6 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura básica dos exércitos, o cal non modifica, no máis mínimo, a singularidade do Corpo de Infantaría de Mariña que, tal como recoñece a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, é un corpo específico da Armada.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xuño de 2009,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Aprobación dos cadros de persoal.*

1. Apróbanse os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, excepto os correspondentes aos dous primeiros empregos, que se indican no anexo, e que terán vixencia desde o día 1 de xullo de 2009 ata o 30 de xuño do ano 2013, ambos incluídos.

A distribución faise en períodos anuais que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Ademais, existirá o cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais para dotar os postos nos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, e nos demais organismos

do Ministerio de Defensa, que non estean expresamente asignados a un corpo determinado, que se indica no anexo.

Artigo 2. *Efectivos máximos por empregos.*

Os cadros de persoal que se establecen representan os efectivos máximos en cada emprego durante cada un dos períodos anuais, e inclúen todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspensión de funcións.

Artigo 3. *Amortización de excedentes.*

Os excedentes de cadro de persoal que existan en todo momento nos distintos empregos e escalas en relación aos cadros de persoal aprobados por este real decreto amortizaranse e non se proporán para o ascenso as seguintes vacantes:

- a) Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, a primeira que se produza de cada dúas.
- b) Nos restantes empregos, a primeira que se produza de cada tres.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1928/1991, do 20 de decembro, polo que se adapta ás escalas declaradas a extinguir o réxime do persoal establecido na Lei 17/1989, do 19 de xullo.*

Nos números 1, 2 e 3 do artigo 3 do Real decreto 1928/1991, do 20 de decembro, polo que se adapta ás escalas declaradas a extinguir o réxime do persoal militar establecido na Lei 17/1989, do 19 de xullo, a expresión «Escala de subdirectores músicos: alférez e tenente» substitúese pola seguinte:

«Escala de subdirectores músicos: alférez, tenente e capitán»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 912/2002, do 6 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura básica dos exércitos.*

O artigo 2.3 do capítulo II do Real decreto 912/2002, do 6 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura básica dos exércitos, queda sen contido.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias.*

Engádesse unha nova disposición adicional, sexta, ao Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Comandancia Xeneral de Infantaría de Mariña.*

1. A Comandancia Xeneral de Infantaría de Mariña e o seu comandante xeneral estarán incluídos na estrutura orgánica da Frota.
2. O comandante xeneral da Infantaría de Mariña dependerá directamente do xefe de Estado Maior da Armada para asesoralo naqueles asuntos referidos ao Corpo de Infantaría de Mariña que non se relacionen de forma específica e directa coa preparación da Forza.»

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa.*

1. O ministro de Defensa determinará anualmente en períodos que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte, os cadros de persoal por corpos, escalas e empregos das escalas a extinguir de oficiais da Lei 39/2007, do 19 de novembro, os cadros de persoal por empregos dos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, adscritos aos diversos corpos e escalas, diferenciando os dos militares de carreira, e os cadros de persoal das escalas a extinguir da disposición transitoria terceira da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Os efectivos asignados nestes cadros de persoal aos empregos de tenente coronel, comandante, subtenente e brigada, nos corpos que se determinen, deduciranse dos cadros de persoal aprobados no artigo 1 deste real decreto para os períodos anuais e empregos correspondentes.

2. Autorízase o ministro de Defensa para modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais de cada período anual establecidos no anexo, no sentido de diminuír os de tenente xeneral/almirante en aumento dos de xeneral de división/vicealmirante e de diminuír os previstos para este emprego aumentando os de xeneral de brigada/contralmirante, sen que se produza variación no número máximo de oficiais xenerais.

Disposición derradeira sexta. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS

## ANEXO

## Cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 2009-2013

## 1. Exército de Terra

## a) Corpo Xeral:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de exército . . . . .	1	1	1	1				
Tenente xeneral . . . . .	8	8	8	8				
Xeneral de división . . . . .	18	18	18	18				
Xeneral de brigada . . . . .	53	51	49	48				
Coronel . . . . .	542	533	498	498				
Tenente coronel . . . . .	1.432	1.451	1.499	1.535				
Comandante . . . . .	1.936	1.924	1.924	1.887				
Suboficial maior . . . . .					195	195	197	200
Subtenente . . . . .					4.188	4.259	4.259	4.259
Brigada . . . . .					4.602	4.531	4.529	4.526

## b) Corpo de Intendencia:

Empregos	Escala de oficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	5	5	5	4
Coronel . . . . .	53	51	51	46
Tenente coronel . . . . .	176	176	176	176
Comandante . . . . .	160	159	158	158

## c) Corpo de Enxeñeiros Politécnicos:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1				
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2				
Coronel . . . . .	24	24	23	23				
Tenente coronel . . . . .	64	66	68	70	6	6	6	6
Comandante . . . . .	65	65	65	65	51	51	51	51

## 2. Armada

## a) Corpo Xeral:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Almirante xeneral . . . . .	1	1	1	1				
Almirante . . . . .	4	4	4	4				
Vicealmirante . . . . .	8	8	8	8				
Contraalmirante . . . . .	13	13	13	12				
Capitán de navío . . . . .	144	142	139	136				
Capitán de fragata . . . . .	270	286	298	301				
Capitán de corveta . . . . .	495	487	475	472				
Suboficial maior . . . . .					85	85	85	85
Subtenente . . . . .					1.028	1.051	1.062	1.071
Brigada . . . . .					1.273	1.255	1.248	1.243

## b) Corpo de Infantaría de Mariña:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1				
Xeneral de brigada . . . . .	3	2	2	2				
Coronel . . . . .	39	39	38	37				
Tenente coronel . . . . .	74	78	79	80				
Comandante . . . . .	110	110	110	110				
Suboficial maior . . . . .					13	13	13	13
Subtenente . . . . .					136	141	144	147
Brigada . . . . .					199	196	195	195

## c) Corpo de Intendencia:

Empregos	Escala de oficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2
Coronel . . . . .	36	35	34	33
Tenente coronel . . . . .	60	65	67	68
Comandante . . . . .	82	78	78	78

## d) Corpo de Enxeñeiros:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Vicealmirante . . . . .	1	1	1	1				
Contralmirante . . . . .	3	3	3	3				
Capitán de navío . . . . .	26	25	25	24				
Capitán de fragata . . . . .	44	44	44	44	0	0	0	0
Capitán de corveta . . . . .	45	45	45	45	0	0	2	3

## 3. Exército do Aire

## a) Corpo Xeral:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral do aire . . . . .	1	1	1	1				
Tenente xeneral . . . . .	4	4	4	4				
Xeneral de división . . . . .	12	11	11	10				
Xeneral de brigada . . . . .	15	15	14	14				
Coronel . . . . .	152	151	149	147				
Tenente coronel . . . . .	298	310	330	340				
Comandante . . . . .	424	430	436	442				
Suboficial maior . . . . .					130	130	130	130
Subtenente . . . . .					1.583	1.582	1.581	1.580
Brigada . . . . .					2.317	2.268	2.214	2.160

## b) Corpo de Intendencia:

Empregos	Escala de oficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2
Coronel . . . . .	24	24	23	23
Tenente coronel . . . . .	52	53	54	55
Comandante . . . . .	65	64	64	64

## c) Corpo de Enxeñeiros:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1				
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2				

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Coronel . . . . .	18	18	17	17				
Tenente coronel . . . . .	39	37	35	33	7	7	7	7
Comandante . . . . .	28	29	32	34	97	95	93	90

4. *Corpos comúns das Forzas Armadas*a) *Corpo Xurídico Militar:*

Empregos	Escala de Oficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral conselleiro togado . . . . .	3	3	3	3
Xeneral auditor . . . . .	8	8	8	8
Coronel . . . . .	29	28	28	28
Tenente coronel . . . . .	63	65	67	69
Comandante . . . . .	73	74	74	74

b) *Corpo Militar de Intervención:*

Empregos	Escala de oficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	3	3	3	2
Xeneral de brigada . . . . .	4	4	4	4
Coronel . . . . .	25	25	25	25
Tenente coronel . . . . .	65	64	63	62
Comandante . . . . .	91	90	89	88

c) *Corpo Militar de Sanidade:*

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Oficiais enfermeiros			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1				
Xeneral de brigada . . . . .	10	9	9	9				
Coronel . . . . .	101	100	98	96				
Tenente coronel . . . . .	430	428	426	424	8	9	10	10
Comandante . . . . .	438	436	434	432	51	56	61	67

## d) Corpo de Músicas Militares:

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013	2009/ 2010	2010/ 2011	2011/ 2012	2012/ 2013
Coronel . . . . .	1	1	1	1				
Tenente coronel . . . . .	5	5	5	5				
Comandante . . . . .	8	9	9	10				
Suboficial maior . . . . .					28	29	30	30
Subtenente . . . . .					150	151	152	152
Brigada . . . . .					154	153	153	153

## 5. Cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais:

Período	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013
Oficiais xenerais . . . . .	48	47	46	45